

Desde o curso 2017-2018, o IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo ofrece a FP Dual. É unha nova modalidade dentro da formación profesional, que combina os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa cos do centro educativo. O alumnado percibe retribución polo traballo efectivo na empresa, en base ao salario mínimo interprofesional ou convenio colectivo.

A Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional ten asinado un convenio coa Asociación Provincial de Empresarios de la Primeira Transformación da Madeira de Lugo e con Viveiros da contorna.

## REQUISITOS DE ACCESO

Debes ter máis de 18 anos, carecer da cualificación profesional do sector forestal, non ter realizado un contrato de formación e aprendizaxe, non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo ou posuír o título da ESO ou equivalente.

## CAL É A REMUNERACIÓN?

É proporcional ó tempo que se está na empresa. A formación na Empresa é como mínimo 660 horas, polo que a mínima remuneración é a metade do SMI ou do sector, máis a Cotización a Seguridade Social. **Existen axudas para o desprazamento**, preguntáncos!!

## QUE RECURSOS E MEDIOS ME OFRECE O IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO?

As instalacións das que dispoñemos son de gran calidade e adaptadas á realidade empresarial do sector Forestal Galego e Español. Dispoñemos de equipamentos punteiros como pode ser o **Simulador Forestal**, onde os nosos alumnos adquiren as destrezas necesarias para o manexo da maquinaria específica forestal.

## CALES SON AS SAÍDAS PROFESIONAIS?

- Maquinista de procesadora forestal, motoserrista.
- Traballador especializado en Incendios forestais para brigadas.
- Traballador especializado en inventario, adecuación do hábitat natural e de especies acuícolas continentais e cinexéticas, en repoboacións de especies cinexéticas, piscícolas e astacícolas e guía de actividades de turismo cinexético-piscícola
- Especialista en colleita de sementes e froitos en altura, produción de sementes, aproveitamentos de madeiras, cortiza e leñas. Traballador en viveiros e empresas de xardinaría.
- Especialista en traballos de altura nas árbores.
- Traballador especializado para empresas de repoboación, tratamentos silvícolas, camiños e traballos de corrección hidrolóxico-forestal.
- Aplicador de produtos fitosanitarios
- Auxiliar en traballos de control de depredadores ou especies invasoras.



## PRIMEIRO ANO

(setembro – marzo/ FCT abril – sept.)

→ Fundamentos agronómicos	159 h.
→ Principios de sanidade vexetal	107 h.
→ Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	214 h.
→ Produción de planta forestal en viveiro	159 h.
→ Maquinaria e instalacións forestais	214 h.
→ Formación e orientación laboral	107 h.

## SEGUNDO ANO

(setembro – marzo/ FCT abril – sept.)

→ Control fitosanitario	87 h.
→ Aproveitamento do medio natural	193 h.
→ Conservación especies cinexéticas e piscícolas	123 h.
→ Prevención de incendios forestais	87 h.
→ Uso público en espazos naturais	87 h.
→ Empresa e iniciativa emprendedora	53 h.

O ciclo componse de 2.000 horas repartidas en 2 cursos:

- 1º curso de setembro-marzo no IES, e de abril-agosto estada na empresa.
- 2º curso de setembro-marzo no IES, e de abril-agosto estada na empresa.

## COMO ACCEDO AO CICLO?

Podes acceder ao ciclo mediante:

- Título da ESO ou Titulación equivalente.
- Título da FPBásica.
- Proba de acceso.





## CANDO FAGO A INSCRIPCIÓN E A MATRÍCULA?

Se estás interesado/a en cursar o noso ciclo podes poñerte en contacto connosco na Secretaría do Instituto. Tamén podemos informarte sobre as probas de acceso. Reserva de praza a finais de xuño a principios de xullo. Matrícula en xullo.

Tamén hai outro prazo en setembro. Para máis información consulta: [www.edu.xunta.es/fp/](http://www.edu.xunta.es/fp/)

## CONTACTO

Avda. As San Lucas, 33  
C.P. 27740  
Mondoñedo (Lugo)  
Telf.: 982 870 539  
Fax: 982 870 549

Correo: [ies.san.rosendo@edu.xunta.es](mailto:ies.san.rosendo@edu.xunta.es)

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanrosendo/>


### "A Granxa"

Rúa Julia Pardo Montenegro, 32  
C.P. 27740  
Mondoñedo (Lugo)



@Mondoagroforestal

## LOCALIZACIÓN DO NOSO CENTRO



## IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO

## Curso 2020 - 2021



## Ciclo Medio de Aproveitamento e conservación do medio natural

